



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ECONÓMICA  
DO CONSELLO SOCIAL DO 23.06.2021**

**LUGAR:** Sala I do Edificio Miralles - Campus de Vigo

**DATA:** 23.06.2021

**HORA DE COMEZO:** 12:10 h.

**HORA DE REMATE:** 13:30 h.

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Daniel **Barata Quintas**

D. Emilio **Fernández Zunzunegui**

D. Jesús **Graña Nogueiras**

D<sup>a</sup> María Elvira **Larriba Leira**

D. Antonio **Macho Senra**

D. José María **Martín Moreno**

D<sup>a</sup> Raquel María **Souto García**

Secretario: D. Ignacio **Rodríguez Iglesias**



O mércores, día 23 de xuño de 2021, ás 12:10 h., celebrouse reunión ordinaria da Comisión Económica do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (25.02.2021).
2. Informe do presidente.
3. Conta de liquidación do orzamento da UVigo correspondente ao exercicio 2020. Informe de auditoría e Memorando de recomendacións. Acordo para elevar ao Pleno.
4. Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI). Acordo que proceda para elevación ao Pleno.
5. Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría de Cidade Universitaria (CUSA). Acordo que proceda para elevación ao Pleno.
6. Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría de Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI). Acordo que proceda para elevación ao Pleno.
7. Acordo que proceda sobre a proposta de convenio de colaboración coa Fundación Universidade de Vigo para o exercicio 2021, dirixido a orientar e facilitar o achegamento dos estudantes ao mercado laboral e á empregabilidade.
8. Solicitudes de incorporación con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2020.
9. Aprobación, se procede, dos prezos públicos previstos na UVigo por servizos académicos e servizos administrativos para titulacións, Programa de Maiores e alumnado visitante, para o curso 2021/2022.
10. Recepción e análise do informe de auditoría operativa sobre "Aportación do Consorcio interuniversitario do SUG (CISUG) á centralización de compras e servizos común ás tres universidades (limpeza, seguridade, material de oficina, enerxía, software....) e cuantificación do posible aforro de custos".
11. Informe sobre a aplicación e aproveitamento das recomendacións da auditoría operativa sobre "Análise da relación entre as spin off e a UVigo, para buscar ferramentas que melloren a medio prazo a posición das spin off no mercado".
12. Acordo que proceda para a contratación da realización dun informe de auditoría externa e memorando de recomendacións das contas de UVigo (exercicio 2021 e seguintes). Valoración do prego de prescricións e de posibles novas prestacións ou melloras.
13. Informe sobre os trece convenios con dotación económica asinados pola UVigo, correspondentes ao mes de maio
14. Rogos e preguntas.

---

*O presidente expresa a súa satisfacción por reunirse presencialmente cos asistentes e pola experiencia vivida como presidente durante os últimos anos. Agradece a acollida e a boa disposición de cantos formaron parte da Comisión ao longo do tempo, e especialmente dos presentes. O secretario informa que ante a inminente renovación do Consello Social, probablemente sexa esta a última reunión que presida Daniel Barata, que recibe o recoñecemento da comisión. O director de Administración, Rodrigo Cerviño, asiste telemáticamente á reunión.*



### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (25.02.2021).*

- ***Apróbase por asentimento.***

### **PUNTO 2**

*Informe do Presidente.*

Ante unha petición feita por Antonio Macho na anterior reunión, para que no convenio coa Deputación de Pontevedra se fomente a vocación científico-tecnolóxica das mozas non só nas escolas de enxeñaría senón en todas as áreas do ámbito, como Químicas, Ciencias do Mar ou Tecnoloxía dos Alimentos, dáse lectura á resposta da vicerreitora de Captación de Alumnado na que se compromete a que na renovación anual que se fai do convenio figure de forma explícita que as mulleres sexan de titulacións científico-tecnolóxicas, e non só das escolas de enxeñaría.

### **PUNTO 3**

*Conta de liquidación do orzamento da UVigo correspondente ao exercicio 2020. Informe de auditoría e Memorando de recomendacións. Acordo para elevar ao Pleno.*

O presidente dá a palabra ao vicerreitor de Economía, quen principia amosando unha gráfica da evolución dos orzamentos no período no que estivo activo o Plan 2014-2020, sinalando que reflicte unha situación "boa" e unha estabilidade orzamentaria suficiente para garantir a actividade da UVigo. Apunta que o orzamento do exercicio 2020 incrementábase pola suba salarial e polo aumento de axudas externas para investigación e eficiencia enerxética.

José M<sup>a</sup> Martín Moreno refire os prazos e procesos que se deben seguir para presentar a conta ante a Xunta de Galicia antes do 30 de xuño, e explica, acompañado de gráficas, que a conta contén o balance de situación, a conta do resultado económico-patrimonial, o estado de cambios de patrimonio, o estado de fluxos de efectivo e a liquidación do orzamento e memoria. Salienta que o orzamento definitivo de ingresos subiu ata os 209.395.755 €, un 7,38% máis da cifra inicialmente estimada; e o orzamento definitivo de gastos, co mesmo importe que o de ingresos, rexistra un incremento do 6,51% respecto do exercicio anterior.

Menciona e explica o ascenso das modificacións orzamentarias e un pequeno incremento no apartado de incorporación de remanentes. Sobre o resultado orzamentario do exercicio informa que acada a cifra de -3.275.608 €, se ben o resultado orzamentario axustado acada 7.597.122 €. Subliña o vicerreitor que isto é posible porque as contas están moi saneadas e a situación financeira da UVigo e boa e pode tirar do remanente de tesouraría. Continua coa comparativa dos ingresos e as principais causas que inflúen nos diferentes capítulos; e coa comparativa dos gastos, nos que a pandemia e o IBI do Concello de Vigo tiveron unha clara incidencia.

Respecto do remanente de tesouraría indica que empeora lixeiramente, polo pago das inversións en eficiencia enerxética, que se cobran en 2021, e polos pagos en infraestruturas científicas que se xustifican en 2021 pero gástanse e páganse en 2020. De seguido cita a melloría do resultado económico patrimonial, e remata facendo constar a solidez da posición da UVigo que reflicte o balance de situación detallado nos indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios.

Respecto do informe de auditoría advirte que non presenta condicións e é correcto, e sobre o Memorando de recomendacións fai varias consideracións e comunica que se está xa a traballar sobre parte das observacións recollidas.

Rematada a exposición, Jesús Graña pregunta sobre a cuestión máis achegada ás responsabilidades do Consello Social, isto é, se a UVigo ten débeda e se o remanente de tesouraría é negativo, en cuxo caso habería que intervir sobre o próximo orzamento. Á primeira cuestión resposta Marín Moreno que a única débeda, de cinco millóns, ven de 2010 cando o anterior equipo de goberno puxo en marcha o Campus do Mar, e que se está a pagar todos os anos, ata 2025, con cargo ao remanente de tesouraría; tamén subliña que é débeda coas administracións, non cos bancos. Respecto



do segundo asunto, tanto o vicerreitor como o director de Administración acreditan e confirman que é positivo.

- ***A Comisión acorda informar favorablemente ao Pleno.***

#### **PUNTOS 4, 5 e 6**

*Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI). Acordo que proceda para elevación ao Pleno.*

*Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría de Cidade Universitaria (CUSA). Acordo que proceda para elevación ao Pleno.*

*Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría de Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI). Acordo que proceda para elevación ao Pleno”.*

Daniel Barata introduce estes puntos e dá a palabra ao vicerreitor de Economía que, relativiza as perdas que se rexistran nos tres casos, en gran parte atribuídas á negativa incidencia da COVID-19, sobre todo no caso do Centro de Linguas da FUVI, e na saída de empresas de CITEXVI, se ben neste caso engade que en 2021 rexistra de novo plena ocupación. Nos casos de CUSA e CITEXVI advirte que os resultados serían positivos se non se tivese en conta a amortización. Incide en que os respectivos informes de auditoría son limpos e sen condicións, polo que a situación é asumible.

- ***A Comisión informa favorablemente.***

#### **PUNTO 7**

*Acordo que proceda sobre a proposta de convenio de colaboración coa Fundación Universidade de Vigo para o exercicio 2021, dirixido a orientar e facilitar o achegamento dos estudantes ao mercado laboral e á empregabilidade.*

Intervén o secretario para explicar os antecedentes da colaboración entre o Consello Social e a FUVI, suspendida o pasado ano pola situación extraordinaria que se viviu e recuperada neste exercicio por un importe previsto de 20.000 €. Ignacio Rodríguez aclara que os obxectivos seguirán a ser os mesmos de anteriores convenios: achegar ao estudantado dos tres Campus ao mercado laboral, para o que se levarán a cabo prospeccións de emprego, necesidades e perfís que demandan as empresas, prácticas, formación en competencias transversais e obradoiros sobre técnicas de busca de empregos (elaboración de CV e entrevistas de traballo).

- ***A Comisión informa favorablemente.***

#### **PUNTO 8**

*Solicitudes de incorporación con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2020.*

Por indicación do presidente, describe e xustifica o vicerreitor de Economía as dúas causas polas que se solicitan estes remanentes: para executar gasto asociado de ingresos recoñecidos en 2020 e que se cobraron en 2021, e para executar becas de mobilidade.

- ***A Comisión informa favorablemente.***

#### **PUNTO 9**

*Aprobación, se procede, dos prezos públicos previstos na UVigo por servizos académicos e servizos administrativos para titulacións, Programa de Maiores e alumnado visitante, para o curso 2021/2022.*

Dá conta Ignacio Rodríguez do contido da documentación remitida neste punto, subliñando a modificación que se propón de suprimir o pago de 10 euros polos gastos asociados ao procedemento de anulación de matrícula na UVigo. O secretario informa que foron os propios servizos os que propuxeron esta medida, e que dende o pico de anulacións que se rexistrou no tránsito a Bolonia, o volume de casos pasou a ser pouco relevante, apenas 200 casos segundo a información facilitada dende a Vicerreitoría de Ordenación Académica.



Jesús Graña considera que a proposta de supresión está pouco motivada, porque non ve que a actual situación poida crear un problema administrativo nin que o baixo ingreso que proporciona sexa un argumento consistente. Emilio Zunzunegui amosa tamén a súa sorpresa, por entender que ao volverse gratuíto pode causar un maior prexuízo. Prodúcese un intercambio de impresións no que participan tamén Elvira Larriba, José M<sup>a</sup> Martín Moreno, e Rodrigo Cerviño que manifesta que a tramitación da taxa que se está a cobrar non compensa o traballo que precisa. Oídas as distintas opinións, conveñen os presentes en dar luz verde a este punto como proba de confianza nos servizos que aconsellaron a supresión, e solicitar un informe de valoración dos efectos da medida para presentar na próxima reunión da Comisión.

- ***Infórmase favorablemente.***

#### **PUNTO 10**

*Recepción e análise do informe de auditoría operativa sobre "Aportación do Consorcio interuniversitario do SUG (CISUG) á centralización de compras e servizos común ás tres universidades (limpeza, seguridade, material de oficina, enerxía, software...) e cuantificación do posible aforro de custos".*

O informe foi encargado pola Comisión na reunión que mantivo o pasado mes de decembro, segundo lembra o secretario, coa previsión de que fose analizado nesta sesión de xuño. A empresa auditora comunicou o día 15 desde mesmo mes que se demoraría, e solicitou un novo prazo de entrega. Ignacio Rodríguez transmite a intención de que poida ser recibida no pleno de xullo, e subliña que o equipo auditor remata este ano o seu compromiso contractual coa UVigo, circunstancia que deberá ser tida en conta aos efectos de que complete o seu traballo con este informe.

- ***A Comisión dáse por informada.***

#### **PUNTO 11**

*Informe sobre a aplicación e aproveitamento das recomendacións da auditoría operativa sobre "Análise da relación entre as spin off e a UVigo, para buscar ferramentas que melloren a medio prazo a posición das spin off no mercado".*

Á vista dunha comunicación que se achega, a Oficina de I+D considera que é preciso un maior período para valorar e implementar as recomendacións. O propio vicerreitor participa que dende febreiro non se creou ningunha spin off e ratifica que cambiar o modelo é tarefa de longo recorrido. A Jesús Graña parécelle discutible que no devandito informe da Oficina de I+D se cualifique algunha das recomendacións suxeridas como "intervencionistas", por entender que a universidade debe ter beneficios. Acordan os asistentes solicitar da Oficina de I+D un novo informe de aproveitamento para ser avaliado na reunión do próximo mes de decembro.

- ***A Comisión agardará á próxima reunión.***

#### **PUNTO 12**

*Acordo que proceda para a contratación da realización dun informe de auditoría externa e memorando de recomendacións das contas de UVigo (exercicio 2021 e seguintes). Valoración do prego de prescricións e de posibles novas prestacións ou melloras.*

Previa introdución de Daniel Barata, expón o secretario que remataron as prórrogas concedidas a Baker Tilly Fmac, e a necesidade de iniciar un novo expediente de contratación para as contas da UVigo de 2021 e seguintes. Para a posible mellora do prego e potenciais melloras das prestacións a solicitar, a presidencia propón consultar os traballos de auditoría feitos noutras universidades, e comisionar para tal fin a Jesús Graña, a fin de poder dispor dunha pequena mostraxe ao respecto, así como a súa implicación no desenvolvemento da contratación e do proceso valorativo. Jesús Graña acepta o encargo.

- ***A Comisión informa favorablemente.***



**PUNTO 13**

*Informe sobre os trece convenios con dotación económica asinados pola UVigo, correspondentes ao mes de maio.*

O presidente, Daniel Barata, abre este punto á intervención de Jesús Graña, que se interesa polo control que se está a facer sobre estes convenios, marcadamente nos que teñen contido económico, dado que ao Consello Social chegan despois de estar firmados. Resposta o vicerreitor de Economía que en todos os casos pasan previamente por Control interno e pola Asesoría Xurídica "polo que veñen con todas as garantías".

- ***A Comisión dáse por informada.***

**PUNTO 14**

*Rogos e preguntas*

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:30 horas do 23 de xuño de 2021, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,  
O presidente,

O secretario,

Daniel Barata Quintas

Ignacio Rodríguez Iglesias